

Igualdade

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO XX PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2026 DO CONCELLO DE LALÍN

O Concello de Lalín, con motivo do 8 de Marzo Día Internacional das Mulleres, convoca o **XX Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2026**, dacordo coas bases reguladoras aprobadas por Xunta de Goberno Local con data 23 de xaneiro de 2026.

A Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece no artigo primeiro o compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, atribuíndolle o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e os homes no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, consonte as obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 do Estatuto de autonomía de Galicia, entre as que figura a de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, así como remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos/as na vida política, económica, cultural e social.

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

O Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, na disposición final primeira modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e xustifica como competencia propia municipal, engadindo o parágrafo o) ao apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte redacción: **«o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.»**

A Concellería de Igualdade do Concello de Lalín ten pois entre os seus obxectivos contribuír á realización efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do R.D. Legislativo 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local; do R.D. Legislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local; do R.D. Legislativo 2/2004 polo que se



Cod. Validación: K7K9Q3ZRHYTE4T9SN34F33SST
 Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Igualdade

aproba o Texto Refundido de Facendas Locais; do R.D 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos; das Bases de execución do orzamento 2026 do Concello de Lalín e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Lalín, a través das Concellerías de Igualdade e Comercio, convoca o **XX Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”**, para visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social das mulleres lalinenses no 2026. De acordo coas seguintes:

BASES

As presentes bases teñen por obxecto a concesión do **XX Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2026 do Concello de Lalín**.

As Concellerías de Igualdade e Comercio do Concello de Lalín, con motivo do 8 de Marzo Día Internacional das Mulleres, convocan este premio para visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social das mulleres lalinenses no 2026.

Este premio nace coa finalidade de difundir as achegas das mulleres á sociedade, promovendo a transformación de estereotipos sexistas e rachando coas situacións de discriminación por razón de xénero, así coma para estimular e recoñecer o esforzo e a traxectoria de mulleres que están desenvolvendo unha labor importante e relevante no ámbito da igualdade de oportunidades, para que sirva de exemplo para toda a sociedade e referente para as novas xeracións de mulleres.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal

Primeira.- Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO.

O prazo de presentación de candidaturas empezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **26 de febreiro de 2026**, poderán ser presentadas pola propia interesada ou a instancia de terceiros: particulares, asociacións empresariais, comerciais, culturais, de mulleres, sindicatos...

Segunda.- Poderán optar ao premio:

- **Empresarias** (titular, promotora e/ou socia principal), con independencia da forma xurídica da súa empresa e con domicilio social en Lalín.

Cod. Validación: K7K9Q3ZRHYTE4T9SN34F33SST
Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Igualdade


- **Mulleres ou Asociacións/Colectivos** que destaquen pola súa traxectoria tanto profesional, coma persoal ou no eido social.

Terceira.- O Xurado outorgará tres premios repartidos nas seguintes categorías

- **Xove empresaria** (idade máxima da empresaria 35 anos ou que a creación da empresa non supere os 3 anos de antigüidade)
- **Traxectoria “toda unha vida”.**
- **Mulleres en movemento**, para mulleres ou asociacións/colectivos de mulleres que destaquen pola súa traxectoria profesional, persoal ou social e que traballan polo avance en igualdade.

Cuarta.- Os criterios de valoración para elixir ás premiadas serán os seguintes, e serán valorados cada un deles cun punto, ata un máximo de 15 puntos:

- Labor social.
- Iniciativa emprendedora.
- Creatividade e/ou idea innovadora.
- Nivel de consolidación da empresa ou asociación.
- Fomento do desenvolvemento local.
- Contribución á incorporación das mulleres ao mundo laboral.
- Contribución ao coñecemento e á cultura.
- Promoción da igualdade de oportunidades.
- Promoción dos procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Promoción e creación de emprego nos novos xacementos de emprego.
- Inversión en I+D.
- Dedicación.
- Traxectoria profesional.
- Outros...



Quinta.- As interesadas en optar a este galardón ou aquelas persoas e institucións interesadas en propoñer a algunha candidata, deberán remitir as candidaturas ata o día 26 de febreiro de 2026 a través da **Sede Electrónica** ou do **Rexistro Xeral do Concello de Lalín**, tamén poderán enviarse por correo electrónico a **igualdade@lalin.gal**, indicando no asunto XX Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”.

As candidaturas presentadas deberán achegar a ficha que se xunta como Anexo I e proporcionar datos suficientes que permitan recoñecer á candidata, así como un breve currículo e/ou historia de vida, e as razóns polas que considera que é merecedora deste premio.

Sexta.- As candidaturas serán valoradas por un xurado nomeado ao efecto, que estará formado por concelleiros, concelleiras e persoal técnico de diferentes áreas municipais e por representantes do tecido asociativo e empresarial de Lalín, presidido polo Concelleiro de Igualdade, ou a persoa en quen delegue, e cuxa secretaría será desempeñada pola Axente de Igualdade.

O xurado seleccionará as candidatas que considere merecedoras dos premios nas diferentes categorías, atendendo aos criterios de valoración recollidos na base cuarta, así mesmo poderá solicitar información complementaria sobre as finalistas durante o proceso de deliberación.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín **www.lalin.gal**

A composición do xurado será a seguinte, ou persoas en quen deleguen:

Presidencia: Concelleiro de Igualdade

Vogais: Concelleira de Comercio

Concelleira de Muller

Representante do grupo municipal CxG

Representante do grupo municipal PSOE

Psicóloga do CIM

Asesora xurídica

Técnica de RR. HH.

Representante da AED

Secretaría: Axente de Igualdade

L

K

M

4



Sétima.- Os premios outorgaranse en especie e consistirán nunha peza orixinal realizada especificamente para este galardón.

O importe total dos premios será de 471,90 € (157,30 € cada premio) con cargo á aplicación orzamentaria 0/2312/48100.

Os premios poderán ser declarados desertos se a xuízo do Xurado as propostas presentadas non reúnen méritos suficientes ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

A entrega de premios terá lugar en marzo de 2026 durante a celebración dun acto público, ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras que serán avisadas con antelación.

Oitava: As persoas premiadas deberán acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (conforme ao Anexo II). Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

Novena: Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases, así como a divulgación dos méritos a través dos medios de comunicación e redes sociais. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

Décima.- A non aceptación ou incumprimento dalgunha destas bases supón a renuncia ao citado galardón.

Lalín, na data da sinatura dixital

O Concelleiro delegado de Igualdade, Avelino Souto Rozados

(ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

L

K

M



Cod. Validación: K7K9Q3ZRHYTE4T9SN34F33SST
Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10



ANEXO I

FICHA DE CANDIDATURA AO XX PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2026

Si ten interese en propoñer unha **candidatura ao XX Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2026**, encha esta ficha e fágaa chegar a través da **Sede Electrónica** ou do **Rexistro Xeral do Concello de Lalín**, ou por correo electrónico a igualdade@lalin.gal ata o día **26 de febreiro de 2026**.

PERSOA / COLECTIVO QUE PRESENTA A PROPOSTA:

NOME E APELIDOS DA CANDIDATA QUE SE PROPÓN:

CATEGORÍA Á QUE SE PRESENTA:

- **Xove empresaria** (idade máxima da empresaria 35 anos ou que a creación da empresa non supere os 3 anos de antigüidade)
- **Traxectoria “toda unha vida”**
- **Mulleres en movemento** para mulleres ou asociacións/colectivos de mulleres que destaquen pola súa traxectoria profesional, persoal ou social e que traballan polo avance en igualdade

DATOS DA CANDIDATA/ EMPRESA / ASOCIACIÓN:

Nome: _____ **DNI:** _____

Empresa: _____ **CIF:** _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Cargo que ocupa: _____

Ano de fundación: _____

Páxina web: _____

Outros: _____

L

K

M

6
Q



Igualdade

RAZÓNS QUE AO SEU XUÍZO FAN MERECEDORA DO XX PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2026 Á CANDIDATA, E BREVE CURRÍCULO OU HISTORIA DE VIDA:

Nota: Engada a esta ficha, información mais detallada que recolla o currículo ou historia de vida da candidata

MARQUE DOS SEGUINTES ASPECTOS, AQUELES QUE ESTIME QUE O XURADO PODERÍA VALORAR DESTA SOLICITUDE:

- Labor social
- Iniciativa emprendedora
- Creatividade e/ou idea innovadora
- Nivel de consolidación da empresa ou asociación
- Fomento do desenvolvemento local
- Contribución á incorporación das mulleres ao mundo laboral
- Contribución ao coñecemento e á cultura
- Promoción da igualdade de oportunidades
- Promoción dos procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Promoción e creación de emprego nos novos xacementos de emprego
- Inversión en I+D
- Dedicación
- Traxectoria profesional
- Outros...



Máis información: Oficina de Igualdade do Concello de Lalín Praza de Galicia, nº 1
Tfnos.- 986 78 70 60 - 986 18 10 45 igualdade@lalin.gal

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos por vostede facilitados serán tratados polo **CONCELLO DE LALÍN**, en calidade de Responsable de Tratamento, coa finalidade de levar a xestión de preinscricións, inscricións e desenvolvemento de actividades de carácter sociocultural, a nivel individual. Xestión administrativa e contable do servizo.

A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no consentimento explícito manifestado por vostede mediante a formalización da reserva, participación, inscrición ou matriculación. En todo caso, os datos serán tratados no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao CONCELLO DE LALÍN.

Os datos serán conservados durante o prazo de tempo que teña duración á actividade. Non obstante, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estadísticos.

Os datos serán cedidos ás entidades públicas ou privadas, as cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como nos supostos previstos, segundo a Lei.

Vostede poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición.

A estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada, electrónico ou presencial, do CONCELLO DE LALÍN. No escrito deberá especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, a súa vez, deberá amosar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento de identificación equivalente. No caso de que actuara mediante representante, legal ou voluntario, deberá aportar tamén documento que acredite a representación e documento de identificación do mesmo.

Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpor unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de Datos: dpd@lalin.gal ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos.

(<http://www.aepd.es>)]www.aepd.es)

L

K

M



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da
Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
XX PREMIO ÁS MULLERES “DNA. MARUJA GUTIÉRREZ” 2026

Dona:

con DNI:

e domicilio, a efectos de notificación en:

C.P.:

nº de teléfono:

correo electrónico:

DECLARO:

1. Que me atopo na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.
2. Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
3. Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar declarado en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos á intervención xudicial ou non ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
4. Non ter dado lugar, por causa na que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

L

K

M

9



5. Non estar incurso en algún dos supostos da Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou non tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

6. Atoparme ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

7. Non ter a Residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

8. Atoparme ao corrente no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

9. Non ter sido sancionado mediante resolución firme, con perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.

Data:

Sinatura:

L

K

M

10
O

